

---

**ARQUIVO FOTOGRÁFICO PACHECO.  
DOCUMENTO GRÁFICO**

**Casa das Artes**

Policarpo Sáenz, 15. Vigo

**24 de abril ao 30 de xuño de 2014**

Luns a venres: de 18.00 a 21.00 h.  
Sábados: de 12.00 a 14.00 h. e de 18.00 a 21.00 h.  
Domingos e festivos: de 12.00 a 14.00 h.

Depósito legal:



**Do 24 de abril  
ao 30 de xuño 2014**

**Casa das Artes**



## ARQUIVO FOTOGRAFICO PACHECO. DOCUMENTO GRAFICO



Teatro Rosalía de Castro despois do incendio, 1910

O Arquivo Fotográfico Pacheco conserva a ampla produción dunha saga de fotógrafos que traballaron rexistrando graficamente a evolución da cidade de Vigo e da súa sociedade dende finais do século XIX ata as últimas décadas do século XX. A orixe do estudio fotográfico ten lugar no ano 1870 co fotógrafo italiano Filippo Prospero e a súa muller Cándida Otero; tras a morte deste, a súa viúva continúa o traballo en solitario, ata que no ano 1906 se alía profesionalmente co fotógrafo, de orixe portuguesa, Jaime de Sousa Guedes Pacheco, quen colle as rendas do negocio no ano 1915. Xa como “**Fotografía Pacheco**”, o estudio desenvolve o seu traballo ata o peche definitivo no ano 1994. A súa actividade como cronistas gráficos da nosa cidade desenvolveuse incesantemente durante máis de 120 anos.

Os traballos iniciais da galería relacionábanse, basicamente, co retrato de estudio, con gran demanda entre as clases dirixentes. Esta actividade complementábase coa edición de postais ou a creación de series coleccionables onde se reproducían as súas obras; sobre todo, as relacionadas coas paisaxes urbanas ou imaxes pintorescas, que se vendían logo no propio estudio. O labor da galería aumenta a medida que medra a cidade e as expectativas sociais. O traballo diversifícase, manténdose a retratística no estudio, pero centrándose o traballo fóra del, na realización de reportaxes na rúa.

Comeza a utilizarse a fotografía como medio para ilustrar a prensa, saíndo do Estudio Pacheco amplas reportaxes que tiñan finalidades diversas (rexistro de persoas, informativa, publicitaria e mesmo artística) e que permitían documentar a vida na Galicia da primeira metade do século XX.

Para manter unha actividade continua, tan prolífica e versátil, o estudio fotográfico contaba cun amplo conxunto de traballadores entre fotógrafos, retocadores e laboratoristas. Estes non se limitaban a traballar unicamente na cidade de Vigo senón que cubrían practicamente toda a provincia de Pontevedra, e mesmo chegaron a múltiples concellos fóra dos límites provinciais.

Dentro do traballo no estudio os retocadores tiñan unha grande importancia. Aínda que partimos da idea de que a fotografía reflicte a realidade, realmente debemos ter en conta que o fotógrafo filtraba e seleccionaba o que quería ou non mostrar. Moitas pezas do Estudio Pacheco estaban tratadas para enmascarar elementos non desexados ou crear novas montaxes fotográficas. Estes traballos quedan plasmados a través dos diversos soportes fotográficos que se utilizaban no estudio (placas de vidro, acetatos ou nitratos) e que poderemos observar durante a visita. A exposición realiza un percorrido ao longo das súas diferentes seccións por algunhas das temáticas máis recorrentes do Estudio Pacheco, como son a paisaxe do mar e da cidade, os acontecementos singulares e cotiáns, ou a importante e pouco coñecida actividade reprográfica. Esta última, aínda que non sempre mostra gran calidade técnica ou estética, ten un importante valor testemuñal.

Nos últimos anos estase a desenvolver unha importante actividade de conservación e documentación no **Arquivo Fotográfico Pacheco**. Neste senso, a presente exposición pretende amosar as imaxes tal e como se atopan no arquivo, respectando en todo caso o seu estado de conservación e plasmando as condicións dos seus soportes orixinais.